



## **PAGAMENTO DA MATRÍCULA DO CURSO DE EVENTOS DEPORTIVOS: ASPECTOS LEGAIS, ORGANIZATIVOS E ECONÓMICOS**

A base 5 da *Resolución do 19 de xaneiro de 2015* pola que se convoca o **“CURSO DE EVENTOS DEPORTIVOS: ASPECTOS LEGAIS, ORGANIZATIVOS E ECONÓMICOS”** (DOG núm. 20, do 19 de xaneiro de 2015) establece o importe das matrícula que é preciso aboar para participar no citado curso:

*O importe da matrícula é de cento vinte euros (120 €).*

*O importe anterior poderase facer efectivo, polo importe total, no momento de formalizar a matrícula ou en dous prazos; neste último caso, o 50 % do total (60 €) pagarase ao formalizar a matrícula e o 50 % restante (60 €) farase efectivo entre o 16 de marzo e o 31 de marzo.*

### **PRAZOS PARA O PAGAMENTO DA MATRÍCULA.**

*O primeiro dos pagamentos, polo importe que corresponda, deberá efectuarse dentro dos **cinco días** seguintes á comunicación por parte da EGAP da aceptación do alumno no curso.*

### **MODOS DE PAGAMENTO DA MATRÍCULA.**

#### **1) Pagamento de xeito telemático:**

[Pagamento de xeito telemático \(prema aquí\)](#)

Para acceder a esta forma de pagamento hai que entrar, dentro da páxina web da Consellería de Facenda, na Oficina Virtual Tributaria en Servizos de Acceso Libre, no menú da esquerda escollemos “Taxas, prezos, multas e sancións” e prememos na ligazón “Pago telemático de taxas e prezos”. A través desta aplicación pode pagar os prezos vía telemática, ben con pago con tarxeta ou ben mediante pagamento presencial con NRC. Se ademais tamén dispón de certificado dixital, entrando na oficina virtual a través desa opción, poderán pagar con cargo en conta.

#### **2) Utilizando o modelo AI:**

[Modelo AI. Autoliquidación de taxas \(prema aquí\)](#)

Accesible na páxina web da Consellería de Facenda. Para a confección on-line deste impreso deberán entrar na páxina da Consellería de Facenda, dentro do apartado “Tributos” premer a ligazón “Taxas e prezos” no menú da marxe esquerda e a continuación “Confección on-line de impresos”, dentro deste apartado prememos na ligazón “Modelo AI. Autoliquidación de taxas”. Aí poderá cubrir o modelo e despois descargalo ou ben descargalo en branco e cubriilo a man. Este impreso é totalmente válido para pagar en calquera entidade colaboradora.



Para a formalización do pagamento, calquera que sexa a forma elixida, lémbrese que deberá empregar os seguintes códigos, no bloque de códigos do impreso de liquidación:

<b>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</b>	Código 04
Servizo: <b>Escola Galega de Administración Pública</b>	Código 002
Delegación de: <b>Servizos Centrais</b>	Código 13
Denominación da taxa: <b>Matriculas de cursos da EGAP</b>	Código 360300
Obxecto de pago: <b>Curso de eventos deportivos</b>	
Datos de pago	
Total a ingresar:	<b>120 €</b> ou <b>60 €</b> (según corresponda)

**¡¡ IMPORTANTE: !!**

Deberá remitirse copia ou xustificante do pago a [novas.egap@xunta.es](mailto:novas.egap@xunta.es)

Para calquera dúbida en relación co pagamento da matrícula poden chamar aos teléfonos: 981 54 62 39 / 981 54 62 41, ou ben enviar un correo electrónico ao seguinte enderezo: [novas.egap@xunta.es](mailto:novas.egap@xunta.es)